

FARO DA CULTURA

nº 189 • Xoves, 21 de decembro de 2006

Coordina: Xosé Ramón Pena

Calquera momento é axeitado para converterse nun coleccionista. Hai quen xa na nenez sinte o impulso irresistible de atesourar obxectos para tocalos unha e outra vez, preservalos, e crear un espazo sagrado de culto fetichista. Historicamente ser un coleccionista está unido inexorablemente á capacidade económica. Nalgúns casos sumábase á paixón polo saber: Aristóteles foi un gran coleccionista de libros, chegou a pagar unha fortuna por unha obra que deixou Espeusipo. Noutros casos tamén había pracer estético, como o que ataba ao emperador Adriano á arte grega. Outros coa complacencia do seu ego, ou sen ela, conseguiron prestixio: a celebridade de Xulio II provén das súas relacións coa arte máis que do seu pontificado. As ostentosas prácticas coleccionistas de Cosme de Médicis foron unha adquisición de símbolos de prestixio social e poder.

Os cartos son, pois, un bo aliado, pero isto non troca a presenza do desexo de conter entre as mans algo fermoso o máxico nalgún dos seus atributos. Houbo unha rapaza

campesiña na Italia da postguerra que trocou un anaco de porco salgado por unha estampíña relixiosa a cores. Fronte a pregunta de por que o fixo, respondeu: “as cores parecéronme tan fermosas que non puiden resistirme”. Porén, a industrialización rematou coa apetencia insatisfeita de cousas e permitiu que todos sexamos coleccionistas. A tecnoloxización e o crecemento das poboacións urbanas contribuíu á perda de tradicións sociais que mantiñan no home certa seguridade instintiva fronte á existencia. Este factor fertilizou o crecemento do oco

A paixón de coleccionar

MARCELA SANTORUN

existencial. Os comportamentos coleccionistas son oportunistas coas consecuencias emocionais da superproducción e a aniñaron nestas carencias.

Hoxe posuir ten moitos matices para satisfacer as necesidades coleccionistas de todos. Aínda que, a pesar da abonda diversidade de produtos, hai unha serie de factores que equiparan aos coleccionistas. Con independencia do valor do obxecto o suxeito é o mesmo. A conduta emocional e os seus efectos primarios son iguais. A descrición sentimental que fan os coleccionistas da súa experiencia é casi idéntica e é autónoma da categoría e signos de poder das súas coleccións. As sensacións que desperta a compulsión de ter unha peza do coleccionista de arte é igual ao do veciño que

clasifica paquetes de tabaco. A mente pode proxectarse ao estímulo de desexo máis sofisticado, pero a emoción é a mesma. Parece que a marca non aporta nada á alma.

Hai unha excitación vital acompañada de activación fisiolóxica que motiva o impulso de realizar. No principio este impulso de realización é moi san, porque a enfermidade do estrés non só ameaza coa súa presenza; a súa ausencia absoluta deixa un vacío moi perturbador para a mente. Esta experiencia ofrece sentido á existencia e é unha forza motivadora de moitas condutas que na nosa sociedade parece confundirse co desexo de pracer e de poder, aínda que o pracer non é unha motivación, senón unha consecuencia do logro. O poder, se non está orientado cara un fin, fracasa.

O desexo de tocar tamén aparece como unha variable máis nas descrições dos coleccionistas, acompañando este impulso de ter. Eles fan máis referencias ao tacto que a calquera outro sentido. W. Benjamin analiza este apartado con agudeza, cando di que os coleccionistas son seres con instinto táctil.

Para o coleccionista a motivación está asegurada. Sempre hai posibilidade de buscar outra peza e no seu defecto as coleccións flexibilízanse cunha categoría máis inclusiva. O coleccionista empápase da virtude que teñen eses obxectos na súa cultura, e isto é un alimento para o ego. Non importan os argumentos esgrimidos, algúns farano por motivos aparentemente trascendentais, e outros por causas triviais. O certo é que a motivación sempre é unha necesidade espiritual do ser humano que non desaparece, só troca a forma. Todos fantaseamos con apetencias íntimas, curiosidades e praceres sensuais, aínda que se nos deixamos contaminar polo parloteo da nosa mente, pode que o ego se expanda e acumulemos un bo número de cousas, pero que só son “cousas.”

FARO DA CULTURA reanudará a súa publicación o próximo xoves, 11 de xaneiro de 2007. Desexámoslles a todos os lectores un Bo Nadal e un feliz ano novo.



Instinto táctil

✻ ENTREVISTA CON FRANCISCO CASTRO, PREMIO BLANCO AMOR DE NOVELA 2006 / Páx. III

✻ MOSTRAS: EDMUNDO PAZ E MOÏSE DIKOFF, O XESTO E MAIS A RAZÓN / Páx. VI

✻ LA CARRAU: PREZENAS DA MÚSICA DE HOXE FEITA EN CATALÁN / Páx. VIII

A catedrática de Historia Moderna da Universidade de Santiago de Compostela, Ofelia Rey Castelao, vén de presentar o seu último libro, arredor dos mitos do Apóstolo Santiago. Con gran solemnidade, na capela real do Hostal dos Reis Católicos, acompañada do alcalde da capital galega e de membros do Consorcio, deu a coñecer unha obra que está creando unha gran polémica. Efectivamente, en *Los mitos del Apóstol Santiago*, a Pfra. Rey Castelao fai unha serie de afirmacións que provocaron críticas ásperas entre un sector dos crentes, asemade que adhesións firmes entre outros amantes dos foros de discusión en Internet.

Que informacións tan escandalosas contén, daquela, o texto que comentamos como, para ser cualificado mesmo de “traizón a Galicia”, ou para asegurar que “en outras partes se correría a gorrazos a la autora”?

Ofelia Rey Castelao afirma no seu libro, por exemplo, que desde o século I se foi tecendo todo un conxunto de lendas, mitos e crenzas que nada teñen que ver co rigor histórico. Así, o feito de morrer Santiago maritirizado en Palestina fai practicamente imposible a súa presenza na Península. En consecuencia, na catedral non estarían os restos do Apóstolo. Porén, todo un conglomerado de intereses comerciais, relixiosos e políticos deu pé para un mito que se iniciou antes da suposta aparición do corpo santo en Iria Flavia e que se anovaría durante séculos, con especial vigor no franquismo e nos sucesivos anos santos.

Diante de tal, cómpre reiterar que a autora é catedrática de Historia, e que ten publicada unha ducia de volumes e máis de cen artigos científicos, e que dirixe varios proxectos de investigación. E neste libro, publicado polo Consorcio de Santiago e a Editorial Nigra Trea, malia que nos diga que se trata dunha síntese divulgativa, estamos diante dun texto dunha gran densidade de datos e perante unha análise pormenorizada por parte de quen fixera a súa tese doutoral sobre o Voto de Santiago.

A Pfra. Rey Castelo sinala a presenza nos últimos anos dunha avalancha bibliográfica na que literatos, periodistas ou antropólogos escriben sobre o tema xacobeo sen o rigor metodolóxico dos historiadores, e sen un control de calidade axeitado. O seu libro, pola contra, sitúase dentro dunha tradición crítica que puxo en solfa os mitos xacobeos hai xa moitos anos. Porque, de feito, xa na Idade Media e, sobre todo, no século XVI tivo moita importancia este



Santiago de Compostela, na perspectiva de María Droc.

Herru Sanctiagu!

Acerca dos mitos xacobeos

ESTRO MONTAÑA

cuestionamento. Entre 1573 e 1630 os temas xacobeos viviron unha apoteose, sobre todo pola intervención do Cardeal César Baronio e pola “aparición dunha serie de falsificacións (...): os famosos plomos do Sacromonte e os falsos cronicóns do xesuíta Jerónimo Román de la Higuera”. E a complexa polémica xacobeas complicárase aínda máis por problemas paralelos como o do voto de Santiago. Esa renda, que “foi soportada polo campesiñado entre o século XI e 1834, exerceu –segundo Rey Castelao– unha extraña atracción sobre historiadores e publicistas

debido a que desde moi cedo houbo sospeitas sobre a autenticidade do privilexio do rei Ramiro I sobre o que se baseaba”.

A investigadora compostelá afirma, así mesmo, que o Papado aceptou o mito compostelán como unha tradición piadosa local de Santiago e Galiza; que os reis non amosaron un grande interese en visitar a tumba do apóstolo –xa que hai un claro interese en separar monarquía e culto xacobeo– e sempre houbo historiadores, e outros eruditos, que trataron de alonxar as tradicións xacobeas das falsificacións. Mesmo no seo da propia Igrexa católica, a corrente erudita do cóengo sevillano Nicolás Antonio Bernal, o Marqués de Mondéjar e mais o Cardeal Sáenz de Arriba procuraron xa deslindar as falsificacións do século XVII daquelas outras elementos-clave da tradición xacobeas, se ben que sempre respectando os apartados esenciais do mito, que funcionaba como elemento unificador dos reinos hispanos.

Mitos complementarios

Segundo *Los mitos del Apóstol Santiago*, sucede que estaríamos ante un mito central e varios complementarios, onde o elemento inicial está na presenza dos restos de Santiago o Maior en Galiza; posteriormente viría o relato da predicación entre os nosos antergos, e mesmo o “mito do camiño asistencial”, xa que non se pode medir o número de peregrinos, toda vez que as confrarías espaxadas por Europa proban a devoción ao Apóstolo, pero non unha vinculación co culto en Compostela. O mito das peregrinacións en masa sería outro elemento a ter en conta, xa que non é doado distinguir entre peregrinos e simples viaxeiros.

A restauración do mito, despois da desaparición dos restos do Apóstolo en 1589, e que durou máis de tres séculos, débese sobre todo ao Cardeal Payá (arcebispo de Compostela entre 1875 e 1886) e ao seu sucesor Martín de Herrera. O Cardeal Payá fixo unha excavación na catedral, que tiña como obxectivo atopar os restos desaparecidos e facer unha análise científica, que permitira avalar o culto xacobeo. A comprobación química lévarona a cabo, baixo as súas directrices, tres profesores da Universidade. A tese da verosimilitude dictaminada polos expertos foi confirmada por outros dous precedentes das ciencias históricas.

Desde diversos ámbitos houbo un rexeitamento destas teses, especialmente L. Duchesse, director da Ecole Française, quen negou, por lóxica, o traslado do corpo de Santiago o Maior desde Palestina a Finisterrae. A súa postura foi apoiada por numerosos seguidores, entre eles os bolandistas.

O debate está aberto, e agardamos unha resposta ampla e ben argumentada dos defensores das teses tradicionais, e, por suposto, sería de desexar máis rigor do amosado en moitos dos comentarios aparecidos en Internet.

ENTREVISTA



J. LOHES

Os dous eixos sobre os que Oxira Spam son, por unha banda, o capitalismo, e pola outra, Internet. Por que decidiu unilos nunha mesma historia?

-Trátase de dúas grandes metáforas da modernidade. Nin sequera vivimos no capitalismo, senón nunha sociedade postcapitalista, no superconsumismo absoluto e cun predominio da economía na súa versión máis perversa, co beneficio por enriba de todo. Entón, cando eu comecei a escribir a novela, tiña claro que quería falar dunha anomalía social; unha especie de *outsider*, pero no peor sentido da palabra, alguén que vive fóra do mundo, e por aí foi por onde se coou Internet. Porque un dos grandes paradoxos da actualidade é que nunca os medios de comunicación foron máis, pero nunca estivemos máis incomunicados; nunca houbo máis posibilidades de relacionarnos os uns cos outros, pero nunca houbo máis solitarios, como o protagonista da novela. Entón, como xa pasaba en *Xeración Perdida* e noutras novelas miñas, este é un libro que intenta pegarlle unha trabada crítica á realidade, e parecía-me que dende a rede se podía reflexionar ben sobre iso.

- O outsider é Gómez, un director de Recursos Humanos coa patoloxía de vivir a través das webcams. Que opina sobre os que observan, pero tamén sobre os que se deixan observar?

-Creo que hai que distinguir dúas cousas. Eu son un apaixonado da rede, son usuario e defensor da rede... como da televisión e como de calquera mecanismo que nos permita acceder a máis realidades. Pero o ser humano é un animal complicado, e o problema de Internet, como todo, non hai máis que ver o *teléxico*, é a utilización perversa que se fai dela. Gómez é un individuo ruín, absolutamente enfermizo, pero non pode renunciar a vivir; precisa de relacións sexuais, de amor, de ter a ficción de que está na vida, e atopa iso dunha maneira totalmente cómoda, que é vendo. Para contes-

Francisco Castro

“Sigo crendo que o autor ten que comprometerse e tomar partido”

tar á túa pregunta, as webcams, concibidas como a posibilidade de ver algo que está moi lonxe dende a neutralidade, paréceme perfectas. Pero aquí hai unha denuncia da webcam como un mecanismo de control. Xa estamos moi controlados e, nese sentido, creo -será porque temos hoxe o día pesimista- que Gómez é unha especie de anticipo do que temo que vaia ser o futuro.

- Vostede introduce ese mecanismo de control n'A Empresa da novela. É máis; lin unhas declaracións súas nas que dicía que os departamentos de Recursos Humanos representan unha nova forma de escravitude...

-Estou absolutamente convencido diso. A escravitude venciuse no século XIX, pero creo que agora hai outra forma de escravitude moito máis sutil: o traballo. É curioso que haxa psicólogos traballando en empresas; é curioso que haxa tantos expertos no funcionamento da mente humana regularizando as relacións dos traballadores, chegando á perversión de decidir que compañeiros debo ter ao lado para render máis; no exceso-e chegará aquí, quizais nalgunha gran capital española xa se faga- hai multinacionais en EE UU que dan un servizo completo, de gardería para os fillos dos traballadores, que organizan festas para que a xente se emparele... Esta “xaponización” da nosa realidade paréceme o colmo da perversión. Toda esa xerxa de identificarse no proxecto común, de to-

A Editorial Galaxia vén de publicar Spam, a novela coa que Francisco Castro gañou o Premio Blanco Amor 2006, e na que se conxugan os excesos do capitalismo e o lado máis perverso de Internet

NATALIA ÁLVAREZ

dos somos a empresa... Non sei; quizais algún día cheguen a pedirnos que nos tatuemos o logo da empresa directamente no corazón.

- Logo está ese narrador omnisciente e que toma partido. Por que introduciu esa figura?

-Xa estaba. Estaba en *Xeración Perdida*, en moitos contos de *Río Leteo*, e máis timidamente n'*A Canción do Náufrago*. Supoño que é a marca da casa. Sae así de natural; e tamén por unha crenza -estética, se ti queres, que soarán un pouco decimonónica, pero na que acredito-: eu si coído que a literatura, como cal-

quera forma de arte, ten que ser algo comprometido, si que penso que o autor ten que tomar partido. Paréceme un completo exceso poder ter unha voz pública como escritor e non utilizala nunha determinada elección que eu considere xusta. Entón, apéceme introducir ese narrador que, dende o punto de vista literario, hai que medir moito para que non resulte cargante, que se permite o luxo de opinar sobre o que está acontecendo e sobre o mundo, con plena liberdade. Iso é absolutamente marabilloso... e discutible dende o punto de vista literario. Pero eu conciboo como un elemento máis da miña literatura.

- Volvendo a Internet; en Spam fala do lado máis perverso que pode haber tras da rede. Porén, Vde. mesmo ten un blog. A canción do náufrago (www.blogoteca.com/francisco-castro) Que lle aporta esta ferramenta?

-É o que comentabamos ao principio. Ter un blog é ter un medio no que podo dicir o que eu queira, sen render contas a ningunha empresa informativa nin preocuparme da publicidade e de todo iso que, a día de hoxe, ten tan coartados os medios de comunicación. Curiosamente, *Spam* e a bitácora naceron case á par pero, obviamente, son mundos moi distintos. Gómez utiliza a rede na súa versión perversa, e para min a bitácora é un elemento de absoluta satisfacción, de contacto diario cos lectores e cos asistentes aos

meus talleres literarios, e tamén unha fonte de debate moi enriquecedora.

- No blog fai moito fincapé no sistema literario galego. Que pensa que falta en Galicia e que alternativas propón?

-Creo que é absolutamente necesario que os escritores reflexionemos sobre o sistema literario galego, pero concebíndoo como unha ONG. É dicir, o fin dunha ONG é a súa desaparición; busca unha realidade para que, nun determinado momento, acabe por non ser necesaria. Eu coído que a cantidade de escritores que estamos reflexionando, día si día tamén, sobre a saúde do sistema literario, a necesidade de profesionalizarnos, as eivas e as batallas de incompreensión que temos, incluso dentro da propia Galicia, é sintoma de que hai unha profunda anormalidade. Que falta? Practicamente todo. Que é o mellor? Que hai un enorme voluntarismo. Pero ese voluntarismo ten que acabar. É dicir; hai moitísimos escritores en lingua española, de calidade... non direi inferior, pero si idéntica, imos deixalo así, a esoutra de moitos escritores galegos, que con dous ou tres libros poden, practicamente, vivir diso; teñen acceso aos medios de comunicación, contráttanos para facer artigos de opinión, etc. No sistema literario galego, aínda que deas á luz grandes obras, e hai moi bos exemplos entre os meus compañeiros e compañeiras, sobre todo nos últimos anos, pois practicamente tes que escribir roubádolle horas ao sono, sacrificando a familia,... Iso constitúe unha eiva moi importante. Penso que temos madurez temática e mais calidade, pero falta o que é a infraestrutura, a profesión de seu... Pero é porque vivimos no país que vivimos. É un topicazo, pero este segue a ser un país cun auto-noxo moi marcado, que non lle dá ningunha importancia á arte de seu. E logo, aínda por riba, temos que aturar opinións como a da finalista do Planeta, que di que en Galicia os autores que escriben en castelán están marxidados. A min interésame moito subliñar que se hai escritores marxidados en Galicia somos, precisamente, os que escribimos en galego.

- A pesar de todo, e aínda que non venda tantos libros como Hillary Clinton, protagonista dun dos seus últimos posts, Vde. ten xa un nome como escritor. Que significou, daquela, recibir o Premio Blanco Amor?

-Pois, despois da ledicia inicial e da vertixe dos días seguintes ao premio, sobre todo, e aínda que soe a frase comprometedora, unha enorme responsabilidade. O Blanco Amor é un premio cunha tradición moi importante, do que saíron textos absolutamente esenciais da literatura galega. E, nese sentido, á ledicia por ser merecente do premio únese á responsabilidade de que unha obra como *Spam* veña bendecida por un Blanco Amor.

De novo, o *Anuario*

Historia, Arte, Literatura...



XOSÉ RAMÓN PENA

Non fai falta que o autor destas liñas o sinale sequera: porén, si que é un pracer enorme –dobre pracer, ademais; dunha parte, por saudarmos un traballo ben feito, un auténtico exemplo, un referente fundamental; doutra, porque se trata dun volume que aparece na terra natal de quen isto escribo– saudar, como cada ano, unha nova entrega do *Anuario Brigantino* –que chega ao número vinte da súa andaina–, a publicación que edita o Concello de Betanzos e que dirixe con especial acerto Alfredo Eiras, contando coa presenza aínda, entre outros, de Xosé María Veiga Ferreira, Xulio Cuns, Fernando Alonso Romero, Carlos Pereira Martínez, Xosé Ramón Barreiro ou Xesús Torres Regueiro entre os membros do Comité científico.

E de novo, o *Anuario* achéganos un monllo importante de artigos que versan acerca da historia, da arte, da literatura... Entre os primeiros, citaremos, por exemplo, “Túmulos prehistóricos no concello de Pontedeume”, polo Grupo de Arqueoloxía da Terra de Trancos; “Menhires y marcos de Portugal y Galicia”, por Luis Monteagudo García; “El Campeador Cid en las peninsulares fuentes medievales”, por Eulogio Losada Badía ou “Fuentes para la historia local en el Archivo del Reino de Galicia: la Administración y los Ayuntamientos gallegos”, por Pedro López Gómez. No tocante aos apartados de



“Arte, Literatura, Antropoloxía...” sinalaremos: “La iconografía medieval en los murales gallegos de los siglos XIV, XV y XVI: Una vista panorámica”, por Alicia P. Suárez-Ferrín; “Carlos Sobrino (1885-1978), el riguroso mundo de la anotación”, por Ángel Núñez Sobrino; “Sobrenomes na antiga provin-

cia de Betanzos (séc. XII-XVI)”, por Paula Bouzas ou “A obra de Francisco Antonio Sánchez García na patria común do soneto”, que chega da man de Concepción Delgado Corral.

En fin; unha relación dos acontecementos do ano, así como notas referidas ás entidades culturais e deportivas, complementan este novo volume da publicación que no seu día fundara D. Francisco Vales Villamarín e que, repetimos, constitúe –ou debería constituír– todo un referente para o labor cultural nos municipios do noso país. Xa que logo, vaian unha vez máis todos os nosos parabéns!

VV. AA. *Anuario Brigantino*, nº 20, Ed. Concello de Betanzos, 2006, 598 páxinas

Un manual clásico

Leccións de galego urxente



XOSÉ FEIXÓ

Despois dun parón de máis de dous anos, que posiblemente non tivese que ter acontecido, chega de novo ao público –en versión xa adaptada á nova normativa da lingua galega aprobada pola RAG no ano 2003– o *Manual e exercicios de galego urxente*, desta vez unidos os dous libros que antes se publicaban por separado (manual e exercicios).

Desde que saíu, no ano 1987, o éxito do manual, xunto co libro de exercicios, foi indiscutible, chegando mesmo a converter nun clásico do ensino do galego e dos cursos de iniciación e perfeccionamento, como así o deixan ben patente as máis de trece edicións e os case corenta mil exemplares vendidos, que veñen dando moitos máis miles de persoas que se achegaron á nosa lingua ou á súa codificación da man destas obras das que son autores os máis que coñecidos profesores Xosé Ramón

Pena e Manuel Rosales, ambos, ademais, prestixiosos estudosos da nosa literatura medieval e contemporánea.

Nesta ocasión decidiron os autores xuntar

nun só volume as partes teórica e práctica co fin de ofrecer aos lectores un mellor aproveitamento e un máis doado manexo de todo o material fornecido.

A primeira parte, o manual propiamente dito, está dividida en cinco partes: Ortografía e Morfosintaxe, Léxico, Topónimos e Xentilicios frecuentes e dúbidosos, Locucións Latinas de uso frecuente, e tres Apéndices (Palabras de ortografía dúbida, Usos do signo de puntuación e Paradigmas gramaticais). A didacticidade, a claridade expositiva, a

sinopse certa e a facilidade e a rapidez de consulta que ofrece, convérteno nun verdadeiro e sinxelo vademecum co que saír do paso na maioría de consultas e dúbidas que poidan ter a maior parte dos usuarios da lingua.

A segunda parte, a dos exercicios, divídese en cinco epígrafes (Ortografía, Morfosintaxe, Léxico-semántica, Expresións e Pasatempos), estando estes pensados para que mediante a práctica se corrobore a aprendizaxe obtida, no último dos casos dun xeito moi ameno e acompañado dun solucionario para facer as comprobacións pertinentes.

Desexamos, pois, para este libro nesta nova andaina, pois meréce, o mesmo éxito na formación lingüística das novas xeracións que o que tivo na de xeracións pasadas.

PENA, X. Ramón e ROSALES, Manuel, *Manual e exercicios de galego urxente*, Ed. Xerais, Vigo, 2006, 185 páxinas



Memoria de Man

Integridade e aposta vital



PILAR PONTE



Este ano Edicións Xerais tira do prelo *A pegada de Man*, unha obra de Xoán Abeleira que constitúe o primeiro achegamento a esta personaxe, xa lendaria no imaxinario colectivo. En palabras do seu autor, trátase dunha publicación que nace da admiración pola vida e pola obra do artista Man.

A través dunhas palabras de introdución, dez capítulos e un apartado de agradecementos, Abeleira dá conta de como Manfred Gnädinger se converteu en Man, o Home de Camelle, o lugar a onde chegou en 1961 e no que finou o 28 de decembro de 2002, días despois do afundimento do *Prestige* (13 de novembro de 2002), suicidado pola sociedade.

Abeleira coloca a obra de Man ao carón dos innovadores artísticos dos anos sesenta en canto rexeita coma eles a sociedade de consumo e procura novos soportes materiais para a obra artística. Sitúaa máis concretamente na arte ambiental “que procura a interacción da obra sobre o medio e do medio sobre a obra” e que devén indefectiblemente nunha “arte efémera”, unha arte que, coma o autor, ten en si mesma o seu principio e a súa fin.

O autor capta magnificamente a esencia da globalidade Man cando escribe: “O que convenía ou emocionaba de Man era a verdade e a integridade da súa aposta vital e artística”. Velaí o Man que nos emocionou e conseguiu a catarse colectiva ao velo chorar cando o fuel do *Prestige* nos manchaba a todos; iso foi o que o converteu no rostro visible de *Nunca Máis* e o que aínda hoxe sentimos cando vemos as súas imaxes.

A obra non podía estar de máis actualidade cando este mesmo mes de decembro remata a masiva recolleita de sinaturas levada a cabo pola Iniciativa Man de Camelle co fin de conseguir que se respecte e protexa o legado de Man en condicións axeitadas e se divulgue a súa obra.

En moitas ocasións, e especialmente nestas datas, laiámonos da escasa oferta de libros-agsallo na nosa lingua nos andeis dos escaparates, ese tipo de obras coas que podemos deleitar tanto a persoas non excesivamente amantes da letra impresa como a grandes lectores. Pois ben, tamén desde esta perspectiva *A pegada de Man* é unha magnífica opción, a súa cuidada edición con tapa dura, nun papel que se deixa acarriñar, o texto cunha tipografía cómoda de ler e as magníficas fotografías do autor convérteno, paradoxos do destino, nunha compra ideal este Nadal.

ABELEIRA, Xoán, *A pegada de Man*, Ed. Xerais, Vigo, 2006, 147 páxinas

Procurando Ítaca

Das memorias inmediatas

MONTISE PEÑA PRESAS

Tras a vizosa estensión da *Herba Moura* que trouxo consigo o Premio Xerais 2005, entramos no tempo dunha novela ben diferente, seguramente instalada na procura dun tipo de lectorado un chisco distinto ao que gozaba coas paixóns de Christina, Hélène e Eínés na multipremiada obra de Teresa Moure. Se as prosas que conflúan nesta narración constrúan un fermoso *pachwork* retórico e histórico, nas liñas de *Tres segundos de memoria*, Ameixeiras coloca unha linguaxe sinxela e directa e unha soa trama argumental. Se as protagonistas da creación mouriana eran tres mulleres que recuperaban a historia silenciada do seu sexo, o Premio Xerais 2006

co estereotípico círculo de relacionamento do personaxe protagónico.

Nestas memorias inmediatas, os asuntos que máis páxinas ocupan son tres temas clásicos: a amizade, o amor e o sexo, mais tamén os cambios ideolóxicos, a procura dun traballo e a falta de expectativas. Porque entre os datos concretos do día a día, a obra destila un pequeno pouso filosófico-existencialista, moi ben dosificado (aínda que probablemente mesmo se antolle escaso), derivado das reflexións de quen escribe o seu percorrer vital. Simple, pero non por iso menos fermoso ou efectivo, déixanos frases coma esta: "Téñolle envexa aos peixes po-

Chinarro dá título á propia obra) ou a particular visión que achega a sensación de ser un flaner e querer perderse pola urbe anónima e interconectada. A relación individuo/cidade que se presenta é especialmente interesante: se anteriormente houbo unha estreita identificación, agora só hai afastamento. A cidade é un ser cambiante, en permanente (re)construción, e ao igual que o protagonista, non deixou de evolucionar.

Todo isto ata chegar a un final no que a ironía se condensa dende o título do último escrito: "Consellos publicitarios". Consellos que non son máis que unha inocente e inabarcable declaración de intencións cara o futuro do propio eu protagónico, eivado dunha madurez que nunca lle chega.

Logo de situarnos tras as pegadas do detective Horacio Quiroga en *Baixo mínimos* (2004) e *O cidadán do mes* (2006), a prosa de Ameixeiras fai unha inflexión marcada pola introspección e o retrato en primeira persoa dun sector que ten como bandeira unha caste de desesperanza. Mágoa que falte ambición e que o autor non se atreva a xogar cartas máis altas. Seguramente, o experimento tería sido un éxito. O Premio Xerais tense caracterizado por descubrir ou consolidar certas tendencias na nosa escrita. Quizais sexa esta unha nova ocasión, na que a fórmula do escrito ficcional memorialístico en primeira persoa serve para visibilizar a situación dunha clase nova, universitaria e urbana, que a pesar dos trinta anos nas costas, segue buscando a súa sinxela Ítaca.

AMEIXEIRAS, Diego, *Tres segundos de memoria*, Ed. Xerais, Vigo, 2006, 206 páxinas

OBRA DESTILA UN PEQUENO POUSO FILOSÓFICO-EXISTENCIALISTA XERACIONAL



focalízase sobre un home de trinta anos, con estudos universitarios, parado e sentimentalmente só, que nos relata a súa vida nas breves notas do seu diario. Quizais para facernos saber que xente na súa situación abunda máis do que parece. Por algo o protagonista non ten un nome, acaso querendo situarse na primeira plana dunha sempre difusa radiografía xeracional (tomando este termo coas reticencias que merece), tamén completada

la memoria, porque conseguen durmir cos ollos abertos e porque saben convivir coas espiñas".

Na prosa de Ameixeiras enguedéllanse elementos da chamada *Era Google*. Boa mostra disto son as mensaxes de móbil, a búsqueda dun contrato pola rede, as referencias a letras de grupos que moitos calificarían de alternativos (non esquezamos que un verso dunha canción de Sr.

Cidade e conflito

Lois e Helena, arredor de si

RAMÓN NICOLÁS

Non é, Manuel Veiga, un narrador que se incorpore arestora ao panorama da prosa galega. Cómpre, talvez, lembrar que este xornalista monfortino radicado en Vigo desde hai ben anos, alén de diversos ensaios como *O pacto galego na construción de España* (2003), principiou a súa andaina con *As ruínas da cidade amada* (1998), á que seguirían os relatos *Biografía de malogrados* (2001) e a novela *O exiliado e a primavera* (2004), premio Xerais nese mesmo ano, na que construíu unha proposta que, a través do inesquecible personaxe Marrube, nos convidaba a unha lúcida análise do que foi o exilio e mais do que, en parte, é o noso tempo.

Con esta bagaxe chega agora *Lois e Helena buscándose un día de tormenta*, novela galardoadada, ademais, co premio García Barros neste 2006. E retorna Veiga con dous lugares comúns na súa narrativa como son a atención que lle dispensa ao espazo físico que rodea os protagonistas, tal e como fixera na súa primeira novela cunha vila histórica doada de recoñecer, e mais o protagonismo concedido ao ámbito das relacións sentimentais, xa ben explícito desde o título, vehiculizado agora a través

TENDE O AUTOR AOS ACONTECERES QUE VAN CONFORMANDO A HISTORIA DUNHA CIDADE

das personaxes de Lois e Helena, arredor dos que se traza un percorrido duplo, paralelo se se quer, no que ambos os dous transitan pola cidade na procura de si mesmos, á busca, talvez, dunha explicación que axude a comprender a súa situación.

Veiga ganduxa con estes fios un friso no que por veces non sabemos se, realmente, a historia de desamor protagoni-



zada polos amentados Lois e Helena, perfilados ao meu ver con enorme acerto e solidez nun momento de crise sentimental no que se cuestionan sobre os valores da convivencia, non deixa de ser unha desculpa para que o autor nos conduza con orixinalidade por unha cidade, Oliveira, trasunto vivísimos e doadamente identificable de Vigo. Un Vigo que, os lectores recoñecerano axiña, se incorpora non xa como pano de fondo, senón que adquire categoría protagónica como, en parte, xa ocupaba este espazo en propostas narrativas anteriores de Queizán, Fran Alonso, Eliseo Alonso, Cid Cabido, Forcadela, Alfonso A. Cáccamo, Xurxo Sierra, Francisco Castro ou Víctor Vaqueiro, entre outros. Esta "Oliveira", con todo, enchoupa e retroalimenta o tecido argumental, tanto desde un punto de vista descritivo ou histórico —excepcionais as primeiras páxinas próximas ao xénero ensaístico nas que se sintetiza exemplarmente o nacemento da cidade, como tamén o son esoutras liñas finais de corte evocador e inesperado que dá cabo ao libro— como desde a concepción de "presenza" continua e destacada

ne-se "arredor de si" que Lois e Helena, dalgún xeito, simbolizan. Atende Veiga, así pois, aos grandes acontecementos e a aqueles miúdos que van conformando a historia dunha cidade e tamén as das súas xentes, facendo gala, sen que se advirta de máis, dunha extraordinaria documentación que deluva, por veces con certo humor acedo, en ocasións deitando unha ollada comprensiva e outras radicalmente crítica, nada talvez dunha salientable sensibilidade observadora, a singularidade dunha cidade que enterra ríos, destrúe xacementos históricos e especula co seu solo. Luces e sombras que acompañan os días avoltos dos protagonistas, e a memoria doutros personaxes, como Voltaire, quen afirmaba que a cidade non aprendeu aínda a quererse a si mesma. Talvez sexa así.

Parabéns, pois, por esta achega á nosa ficción. Pola reflexións á que convida, polo acerto innegable da súa exposición.

VEIGA, Manuel, *Lois e Helena buscándose un día de tormenta*, Ed. Galaxia, Vigo, 2006, 201 páxinas



Dois artistas en proceso de asentamento das súas estéticas singulares expoñen durante este mes en Cangas do Morrazo e en Santiago de Compostela, respectivamente. Trátase do pintor Edmundo Paz e do tamén pintor e escultor Moïse Dikoff.

Desde o 5 de decembro ate o 30 deste mesmo mes mostra a súa obra no Auditorio Municipal de Cangas do Morrazo Edmundo Paz, só o título de *Parque de abstraccións*: un conxunto de pinturas que se sitúan, como o título indica, cun certo grao de ironía, no ámbito da abstracción. Salienta o seu traballo polo coadadoso labor formal dentro dunhas coordenadas referenciais moi identificábeis, nas que os entrelazos e as alusións orgánicas acaban por tomar forma plástica na tea. As buscas de Edmundo Paz sitúase na modulación de liñas e cores, cunha pincelada expresiva, dun xestualismo contido que sen dúbida dialoga con boa parte da tradición da abstracción das últimas décadas. Con estes medios, o pintor crea tramas, como urdidos, cuxos fíos posúen pequenas diferenza de matiz dentro dunha mesma gama e unha mínima diferenza de peso visual.

Na pintura de Edmundo Paz os trazos xogan, organizándose con constantes reiteracións visuais, como se dunha melodía musical se tratase, o que permite frecuentes variacións sen romper cunha profunda homoxeneidade emotiva. O seu discurso está dominado pola circularidade e o desbordamento, cunha sintaxe plástica que se rompe ao pulo da pincelada. O pintor crea un cosmos que ás veces nos enlea como tupida arañeira, un cosmos que ten esteos firmes nas terras da linguaxe expresiva e matérica pero trata da con enorme liberdade.

A obra do artista francés, asentado en Galiza, Moïse Dikoff, que expón na Galería Sargadelos de Santiago de Compostela, a diferenza de Edmundo Paz, sitúase cun punto referencial no mundo da arquitectura, fonte de inspiración, da súa pintura e da súa escultura, que se manifesta en forma de diálogo co mellor da tradición, no seu caso, indubidabelmente, coa que constitúe o movemento moderno e que ten na Bauhaus un dos seus fitos culminantes no ámbito do deseño e da arquitectura, mais tamén na escultura e na pintura, territorios nos que desenvolve a súa obra creativa, aínda que establecendo pontes co deseño e a arquitectura.

Moïse Dikoff traballa as súas obras desde unha acentuada xeometría, que ten ben precisos referentes vangardistas. Véñenos á mente os nomes de Paul Klee, Piet Mondrian, Vassili Kandinski –o Kandinski máis Bauhaus-, mais tamén os arquitectos Walter Gropius ou Mies van der Rohe. Con estas referencias, podemos observar cómo o artista elabora frecuentemente estruturas en faixas horizontais e verticais, que se configuran como auténticos valados, valados de luz e cor, construídos en plenitude de ritmos e tensións espaciais, mais que non queren ser, nin polo tanto funcionan como límites, senón como limiares a través dos que podemos percibir unha abertura, como fiestras que se abren para outro tipo de percepcións e realidades, que nos dirixen cara outro tipo de olladas, que nos convidan a enxergamos novos mundos, pero que decontado nos levan cara a unha visión do pormenor, pois a actitude do artista, que actúa como un auténtico miniaturista, axiña nos transporta aos seus singulares mundos, cun universo paisaxístico non exento de alusións surrelizantes, de feito o artista fala do seu proceso creativo como produto de concentrarse na linguaxe da súa mente, para descubrir impresións ocultas, imaxes mentais que se achan no seu eu interior;



Arriba (á esquerda): "Acrílico sobre lenzo (2)"; á dereita, "Acrílico (1)", de Edmundo Paz. Abaixo: "Volume", de Moïse Dikoff.



O xesto e a razón

Edmundo Paz e Moïse Dikoff: dúas mostras

CARLOS L. BERNÁRDEZ

na creación de espazos privados onde intenta plasmar e mergullarse no significado da súa pintura para se converteren nunha simple superficie que comunica co exterior e co espectador.

Hai tamén no noso artista unha referencia clara ao que convencionalmente entendemos por "realidade", por representación realista, mais na súa captación o que lle interesa non é apenas a simple representación, senón que é o esforzo por erixir o cadro ou o obxecto escultórico como un feito autónomo, ordenado segundo as súas propias leis, que no seu caso se sitúan en referentes estéticos ben concretos e xa antes sinalados.



Sobre estas liñas: "Debúxame un neno", de Moïse Dikoff.

Referentes construtivistas

De todos os xeitos, Moïse Dikoff ofrécenos nestas obras mundos explícitos, non cifrados, e elaboraos cunha pincelada firme e delicada ao tempo. Constrúense en campos cromáticos lenemente matizados, que abalan entre a elaboración dun minimalista até a conformación de puros

campos cromáticos, procurando manterse fiel á razón xeométrica e aos tempo a un ritmo poético. Nas esculturas os referentes construtivistas alternan e complementanse con concepcións máis achegadas ao que poderíamos entender por poema visual, categoría á que semellan remitir algunhas

obras realizadas basicamente en madeira. Edmundo Paz e Moïse Dikoff toman, de xeitos ben persoais, opcións de diálogo coa tradición da modernidade e conseguen obras de forte personalidade, entre o xesto expresivo e a razón construtiva.

INFANTIL/XUVENIL

Enigmas baixo as augas

Inspirado nunha das lagoas de Corrubedo chamada Reirís e con ingredientes como o desexo de contar unha historia a un neno, unha sorte de homenaxe a un personaxe real que fixo dun recuncho da costa galega o seu museo particular, uns recordos de infancia e mesmo unhas pingas de metaliteratura entre outros, Agustín Agra (Noia, 1966) artella, case por casualidade, *O tesouro da lagoa de Reid'Is*, Premio Merlín 2006 na súa vixésimo primeira edición. Unha novela que, baseada na capacidade de fabulación que posibilitan os contos fantásticos, é capaz de crear un mundo maravilloso onde teñen cabida tesouros secretamente agochados, fermosas princesas, cidades encantadas, temibles urcos e as situacións máis cotiás tales como o xogo duns rapaces na horta ou os momentos de xantar na casa dos avós.

O tempo real da novela transcorre durante as vacacións estivais que Aldara e Paulo, curmáns que acaban de coñecerse, pasan xunto aos seus pais na casa dos avós en Viladomar de Cabodomundo, unha aldea da costa que, ao

Desde a lagoa de Reid'Is

MARÍA NAVARRO

parecer, agocha unha historia digna de ser, cando memos, lembrada. Non está tampouco exento o lugar dalgún que outro personaxe misterioso que achega á idílica paraxe, unha atmosfera de enigmática tensión, suficiente para captar a atención dos destinatarios do



conto que o avó día tras día vai relatando aos nenos e que narra como por necesidade el se viu de mozo obrigado a explorar as profundidades da lagoa da Praia de Mardefora, onde quedara había moito tempo asolagada a cidade de Reid'is e onde contaban que se agochaba un valioso tesouro custodiado por malvados e xigantescos monstros devoradores de homes e nenos, co fin de atopar o remedio -en forma de trebello máxico- que puidera curar o seu pai doente.

O tempo da ficción que aparece deglosado en dous momentos, o da lenda cando tivo lugar o asolagamento da cidade e o da historia que ten o avó como protagonista, permítelle ao autor establecer un dobre xogo co lector introducindo elementos fantásticos nunha historia cuasi-real e deseñar un argumento aparentemente verosímil do que el formaba parte activa, para darlle aos ollos dos nenos categoría de existencia no pasado no que resulta un ameno e interesante exercicio literario.

AGRA, Agustín, *O tesouro da lagoa de Reid'Is* (ilustr. Andrés Meixide), Ed. Xerais, Vigo, 2006, 84 páxinas

Fábulas de sempre

Bernardino Graña (Cangas do Morrazo, 1932) non é dende logo ningún descoñecido para calquera persoa interesada tanto na literatura infantil coma na de adultos, porque o certo é que o escritor, ademais de contar cunha traxectoria vastísima no eido do ensino e da investigación, que lle valeu a publicación de varias obras ensaísticas, conta tamén cun elevado número de publicacións literarias, que tocan os tres grandes xéneros e que van dirixidas a un público que comprende dende primeiros lectores aos que xa están máis avezados nesta competencia e aos lectores xa maduros.

Malia ser recoñecido por obras que xa atopan un lugar sobranceiro na historia da literatura galega, coma *Profecía do mar* (1966) ou *Vinte mil pesos crime* (1962), nos últimos anos o autor vén escollendo preferentemente obras infantís nas súas publicacións, e así, dende Fins do mundo (1974) foron moitos os volumes de temática infantil publicados en diferentes editoriais. O último destes vén de ser publicado por Everest Galicia e co seu título esboza xa o que agacha no seu interior: tres fábulas recontadas centos de anos despois de que fosen unhas desas composicións preferidas para seren narradas á beira do lume.

Didáctica dos valores

PAULA FERNÁNDEZ



Bernardino escolle desta volta o verso, caracterizado por un ritmo ternario semellante ao da muiñeira, para presentar estas composicións didácticas nas cales, e seguindo unha das características máis sobranceiras daqueles relatos, atopamos animais que falan e que serán os encargados de nos transmitir unha ensinanza que pretende levarnos a ser mellores persoas, e desbotar así algunhas das faltas máis comúns das nosas vidas coma

poden ser a fachenda, os sentimentos que infravaloran a seres máis desfavorecidos ou pouco importantes ao tempo que promoven tamén a motivación á hora de loitar por valores coma a protección da familia.

Destaca a primeira das composicións por estar ambientada na praia de Mogor hai centos de anos e por volver a ela na actualidade nun exercicio de crítica ao urbanismo excesivo e á repoboación con especies alóctonas que comezou en Galicia na segunda metade do século XX.

O autor conxuga deste xeito a recuperación polas composicións populares, o gusto pola poesía infantil cargada de recursos sinxelos que forman fermosas imaxes e ritmos atraentes e musicais, e o compromiso con problemas que afectan á comarca en que habita, nun volume que se completa coas ilustracións de Suso Cubeiro que semellan tentar dotar o texto de trazos misteriosos e sobrenaturais malia nalgúns intres empregar estéticas que pouco se corresponden coa idiosincrasia do ser galego.

GRAÑA, Bernardino, *Tres velas fábulas novas* (ilustr. Suso Cubeiro), Ed. Everest/Galicia, A Coruña, 2006, 53 páxinas

ANDEL DE NOVIDADES

M. BLANCO RIVAS

As montañas de Galiza

A. Leiro/M. Padín/V. Rivas/M. Núñez/I. Pérez

Edicións A Nosa Terra. 159 páxinas

O territorio galego é una sucesión interminábel de lombas, montañas e grandes serras separadas por milleiros de ríos e regatos e algunha que outra chaira ou depresión. A diversidade de rochas e microclimas, xunto coa historia xeolóxica, crearon múltiples morfologías de relevo onde podemos atopar formas suaves ou

escarpadas, profundos canóns ou vales de pouca pendente. Este volume, profusamente ilustrado, pretende dar a coñecer as montañas de Galiza, organizadas por áreas próximas, coa finalidade de divulgar os seus valores "ecolóxicos, paisaxísticos, etnográficos" e axudar a coñecer os polos en valor e conservarlos para o futuro.



As máscaras de Cronos

Ramón Caride

Edicións Xerais. 304 páxinas

Este volume reúne a poesía de Ramón Caride entre os anos 1994 e 2005. Inclúe os libros éditos *Cerne das labaredas* (1994), *Flor no deserto* (1995) e *Xeografía do sal* (1999), así como os libros inéditos, *Dia-crónica*, e *Addenda*, ademais dun epílogo do brasileiro A. Soares de Moura. *As máscaras de Cro-*

nos alerta sobre a importancia dunha obra poética aberta á vida e ao mundo, e que para o crítico Vicente Araguas constitúe "una rosa tan exquisita como irregular, con vocación lírica e épica, compatible cunha dedicación narrativa que ten acadado importantes metas e galardóns".



Xo! ao racismo

X.A. Suárez/López Garrido/Pepe Carreiro

Edicións A Nosa Terra. 120 páxinas

A idea de editar un libro contra o racismo con debuxos, humor e colaboracións escritas xurdiu na redacción da revista satírica *Xo!* A voz que para as "bestas" hai algúns anos, cando aínda se publicaba. E como o racismo é un asunto mundial, os responsables do volume coidaron que o mellor que se po-

día facer era unha reflexión sobre este problema dende as distintas sociedades do mundo. O resultado é este libro, no que se recollen traballos de humoristas de moitos países, como Nelson Romero (Uruguay), Halim Kutlu (Turquía), Juan Acevedo (Perú), Lauzán (Cuba) ou os galegos Calrosilvar ou Oti.



O neto de Herodes

Bernardino Graña

Edicións Xerais. 304 páxinas

Bernardino Graña ofrece a súa primeira novela, gañadora do IIº Premio Eixo Atlántico de narrativa galego portuguesa. Constitúe un regreso á historia sagrada, unha reinterpretación da biblia que parte dos evanxeos apócrifos, eludindo a ortodoxia católica, para ofrecer unha nova visión da figura de Cristo. Na novela

nárrase o período que vai dende o momento en que María ten catorce anos, pasando polo nacemento de Xesús, até que este cumpre os doce. Unha María casada con Antíprato, fiel á figura de Israel, que milita no nacionalismo xudeu contra o Imperio romano, constitúe un dos personaxes máis singulares e atrevidos da novela.



Preséncias de Llevant

Música desde o espazo catalán

 DANIEL LAVESEDO

A música feita en catalán leva anos - incluso décadas - arrombada na súa área lingüística, e agás excepcións coma Dusminguet, Sopa de Cabra ou Obrint Pas, poucas bandas acadan importancia para alén das súas fronteiras e, moito menos, a trascendencia que tivo o fenómeno da Nova Cançó. Nas dúas décadas derradeiras do século XX é incomparable o volume e calidade da produción musical en lingua catalá coa que houbo na Galiza ou en Euskal Herria, onde, ben sexa polo apoio da industria discográfica foránea, caso galego, xa pola existencia de canles de seu fortes dabondo, no tocante ao eido basco, abrangue cada vez máis unha parte importante da produción cultural nacional. E coa afáxada perspectiva que o bloqueio mediático nos impón sobre o que acontece noutras partes da península, e que non se adapta á feitura domeante, semella que a importancia que a música ten no noso país, en Euskadi ou incluso en Asturias, para alén de apoios da industria, hai que ir atopala nunha presenza máis forte, máis viva, do folclore na vida cotiá até hai ben pouco tempo, o que lle permitiu unha relativamente doada conexión coa mocidade que pode explicar o éxito da música folc nestas terras. De seguro que o elevado número de mozos que adican parte do seu tempo de lecer a se enchoupar na gaita, no pandeiro ou na trikitixa, non se dá no estudo e aprendizaxe da gralla ou da dolçaina, instrumentos senlleiros do folclore catalán e valenciano.

Eis quizais as causas do descoñecemento xeral sobre a produción musical actual en catalán, que tivo o seu esplendor coa aparición do movemento da Nova Cançó, integrado inicialmente por Jaume Armengol, Luís Serrahima e Miquel Porter, e no que habíán militar despois Raimon, María del Mar Bonet, Lluís Llach ou Joan Manuel Serrat, e que baseou o seu estilo na canción popular catalá e no folc norteamericano da época. Dentro deste movemento, e dando un contrapunto máis festivo ao grupo Setze Jutges, enmarcábase o Grup de Folc, onde participaron músicos coma Xesco Boix, Jaume Arnella, Pau Ribá ou Oriol Tramvia que logo tiveron unha prolífica andaina en solitario.

Malia o descoñecemento xeral do que estaba a acontecer despois da aparición destes cantautores, nos anos oitenta, e baixo a etiqueta de rock catalá, van agromar unha serie de grupos coma Sopa de Cabra, Sau, Lax'N'Busto, Els Pets, Obrint Pas, Sangtraït ou Sau que, malia non soar nin saír fóra do seu contorno, chegaron nalgúns casos a superar as cen mil copias vendidas dalgúns dos seus traballos e, nunha histórica noite para a música catalá, o 14 de xuño de 1991 no Palau Sant Jordi, nun concerto de Els Pets, Sau, Sopa de Cabra e Sangtraït, van marcar o curioso récord do concerto máis multitudinario celebrado nun recinto pechado en Europa cunha asistencia de 22.104 espectadores. Algunhas destas bandas xa están desaparecidas, mais outras como os valencianos Obrint Pas -que mesturan ska e reggae- contan cun novo disco, *En moviment*, (Propaganda pel Fet, 2005); caso



tamén dos Lax'N'Busto, que presentaron hai dous anos un directo resumo dos seus vinte anos de andaina, *Amb tu*, (Genco Music, 2004).

A última fornada de música proveniente dos Países Cataláns segue a manter as características dos grupos das xeracións precedentes, cunha heteroxeneidade que racha coas tentativas clasificato-

rias, cun abano amplísimo de influencias, quizais de volta virado cara ao sureste -despois da querencia maioritaria polo rock anglosaxón dos grupos dos noventa- e entendendo folc dun xeito que alporizaría no rixido eido das nomeadas nacións celtas, cunha ollada moi mediterránea que os achega a bandas italianas, do Magreb ou incluso gregas coas que comparten unha cultura sonora común. Ao

socairo da calidade e éxito dos desaparecidos Dusminguet, bandas como os barceloneses Cheb Balowski ou os Skafam, ambos os dous cun son que mestura música tradicional con ska, rock ou reggae, e outras máis cinguidas ao repertorio folc, como Mesclats, formada por compoñentes de históricas bandas do folc e rock, ou aínda os Xitxarel.los, achégannos o máis interesante da música actual en catalán.

La Carrau

Precisamente nesta nova vaga que está a acadar a madurez na primeira década do século XXI, pódese encadrar os La Carrau, creado en Terrassa en 1997 e que nun comezo facía música para acompañar "esbarts dansaires" -grupos de baile tradicional-, o que lles permitiu percorrer diversos lugares de Europa. Após da súa primeira maqueta *Escalivada Mecánica*, (TRAM, 2000) e da introdución da sección de metais, presentada no Tradicionàrius de Gràcia de 2001, a banda deu un chouto cara a unha música que

mestura modernidade e sons tradicionais, que deixaron gravada polo de agora en dous traballos discográficos: *Una Dotzena*, (PPF, 2002) e *Qui Bont Bori*, (PPF, 2004), título que remeda o berro co que os pastores lle dan ao seu cuzo a orde de lindar as ovellas, que precisamente foi o que trouxeron até a sala Aturuxo de Bueu neste outono de 2006, -xa estiveran con anterioridade en Mos e Ourense-, onde deitaron un son fresco, cun directo potente e dunha calidade que abraia. Arestora, La Carrau están mergullados na

elaboración do seu terceiro disco, cuxa saída estaba prevista para finais deste ano 2006, traballo en que manterán a liña mestra dos anteriores, coa eistura de instrumentación tradicional, violín, laúde e acordeón diatónico, con esoutros eléctricos, guitarra, baixo ou batería, para poder abranguer o cobizo abano de estilos que practican: desde os Balcáns ao Caribe, mais sobre o que sempre está a sobrevoar o recendo da música tradicional catalá, verdadeira cerna da súa sonoridade.